


### Datos moi importantes antes de comezar:

- **Son actividades para facer en familia.** Polos ingredientes e procedementos dalgúns experimentos debemos estar baixo a vixilancia de adultos.
- **O máis importante é desfrutar do proceso.** Non pasa nada se o resultado non é satisfactorio, só é unha oportunidade máis de activar o noso razoamento lóxico e pensar en que puido saír mal e como se pode solucionar. Se considerades que non ten solución, sempre podedes comezar de novo cambiando os aspectos que consideredes oportunos. Imaxinación ó poder!!
- **CONSELLO:** se ides usar colorantes recomendamos os que son líquidos. Se tedes os que son tipo xel é mellor que os disolvades en auga primeiro.



**A DIVERTIRSE!!!**

## ONDE ESTAN OS VIRUS?

Antes de explicar este experimento imos dar as grazas a Victor, da clase das Patacas, e a súa mamá por aportar esta idea tan chula. Precisaremos:


Papel e cores

Fonte de cristal


Auga

Pintura negra ou colorantes

Vaso



En primeiro lugar debuxaremos uns bichiños, virus ou o que queirades no papel. Despois botamos auga na fonte de cristal e engadimos a pintura negra para que nos quede a auga moi escura. Tamén podedes usar distintos colorantes ata obter unha cor escura. O importante é que non se vexa o que hai debaixo da auga, xa que agora debemos poñer o debuxo debaixo da fonte. Non se observan os debuxos? Ben! Mete o vaso na auga ata que toque o fondo da fonte. Agora podes pasar un ratiño divertido buscando os teus debuxos co vaso.



Como vedes, o vaso fai efecto lupa e permítenos observar o que hai debaixo da auga. O mesmo pasa cos microscopios, que son lupas moi moi moi potentes e nos permiten ver cousas tan pequenas que non se poden ver a simple vista, como é o caso dos virus que nos enferman.



## A AUGA QUE NON SE DERRAMA

Cres que podes encher de buratos unha bolsa de auga e que non caia nin unha pinga?

Imos probar. Precisamos:

Unha bolsa de plástico hermética, como as de conxelar



Lapis de cores ben afiados



É moi sinxelo, so temos que encher de auga a bolsa e asegurarnos de que queda ben pechada. Con enchela ata a metade aproximadamente é suficiente. Agora collemos un lapis e comprobamos que estea ben afiado, con moito coidado atravesamos a bolsa co lapis ata que saia polo outro lado. Podemos usar cantos lapis queiramos. Tamén podedes usar bolígrafos.

A maioría das bolsas de plástico herméticas están fabricadas con un compoñente que se chama polietileno. Este material é moi lixeiro e flexible e ten a capacidade de adherirse. Por iso a auga non se derrama, as moléculas de polietileno péganse ós lapis impedíndolle o paso.



**CONSELLO:** tede coidado ó quitar os lapis, a auga vai saír por todas partes.

## AREA MAXICA

Tes ganas de xogar coa area e facer castelos? Pois fabriquemos a nosa propia area, so imos precisar:

Fariña



Aceite vexetal ou corporal



Podemos usar unha cunca ou un vaso como medida. Botaremos dúas medidas de fariña e  $\frac{1}{4}$  de aceite. Agora ven o divertido, amasar. Tede coidado de non botar demasiado aceite, non queremos conseguir unha masa. O ideal é obter unha textura que quede compacta se apertamos, pero que se solte con facilidade cando queremos que se desfaga. Coma se fose a area húmida da praia. Se queredes unha area máis compacta botade máis aceite ós pouquiños.



Se queredes conservala e seguir xogando noutro momento, podedes gardar a area nunha bolsa de peche hermético, como a que usamos no experimento anterior.

## FAI MEDRAR O ARCO DA VELLA

Seguro que estes días na casa pintaches moitos arcos da vella que decoran as túas fiestras. Gustaríache facer un arco da vella especial? Precisamos:

Rotuladores

Papel de cociña

2 botes ou vasos

Auga



Primeiro colleremos un cacho pequeno de papel de forma que teñamos un rectángulo de 6 ou 7cm de ancho máis ou menos. Pintamos as cores do arco da vella solo nos extremos do papel, como se pode ver na imaxe. Agora botamos un pouco de auga nos vasos, un culín, e introducimos cada un dos extremos do papel nun vaso.



A auga fai que as cores suban polo papel ata que se xuntan, formando un arco da vella que vai medrando pouco a pouco.

**Espero que disfrutedes moito destes experimentos**

**Unha aperta familia**